

ASPECTOS DO MÉTODO PARA O ENSINO NA REDE

NO VINDEIRO CURSO ESCOLAR CABE ESPERAR QUE NOS TEÑAMOS QUE ADAPTAR A UN MODELO DE ENSINO MIXTO, CON PERIODOS PRESENCIAIS E PERIODOS A DISTANCIA.

PROGRAMACIÓN DE AULA FLEXIBLE

1 Hai contidos que non poden ser adaptados ao ensino na rede, así que deben ser reservados para os periodos presenciais. A temporalización deberá ser flexible.

PRIORIZAR OS CONTIDOS RELEVANTES

2 O ensino mixto require de máis tempo para o seu desenvolvemento. Débese acurtar o temario priorizando a aprendizaxe dos contidos máis importantes.

ENSINAR A APRENDER NA REDE

3 O alumnado necesita adquirir a competencia para poder recibir a docencia na rede. Debe ser o primeiro que toda programación de aula deberá contemplar.

APRENDER A ENSINAR NA REDE

4 O profesor debe establecer unha estratexia para o ensino na rede. Debe saber como usar os medios á súa disposición, como optimizar os esforzos, e como solventar as dificultades que se vai atopar.

HARMONÍA

5 A parte presencial e a parte na rede de este ensino mixto ten que ser harmónica e relacionada. Non poden ser compartimentos estancos. Unha parte dependerá da outra.